

VIGO, SÉCULO XIX
O nacemento dunha cidade

- Exposición-

ORGANIZA
Museo da Cidade “Quiñones de León”

LUGAR
Pazo de Castrelos

DATAS
25 de febreiro de 2011 - 26 de febreiro de 2012

HORARIOS
Mércores
10.00 – 20.00
Martes, xoves e venres
10.- 13.30
17.00 – 20.00
Sábados
17.hs – 20.00
Domingos e festivos
10.00 hs – 13.30

DESCRINCIÓN XERAL

Esta mostra supón o primeiro paso cara a transformación do Pazo de Castrelos en sede dunha exposición permanente sobre a historia de Vigo, e a súa bisbarra, desde a prehistoria ata a actualidade.

A primeira exposición presenta o século de nacemento da cidade: 1810-1910.

Foi posible grazas á colaboración co Museo de diferentes institucións e particulares da cidade de Vigo que, de xeito desinteresado, cederon pezas da súas coleccións:

SECCIÓN I. 1810-1860
UNHA VILA TRANQUILA, AO SUR

SALA I. Así comezou todo

A primeira sala está dedicada ao episodio da Reconquista por selo feito que motivou a concesión do título de Cidade. Ademais das pezas tradicionalmente expostas no museo - como o célebre sable do mariscal Soult, ou as bandeiras das Alarmas do Val do Fragoso - preséntase documentación diversa e retratos dos principais protagonistas.

A Asociación de Veciños do Casco Vello cede para a mostra dous traxes empregados na representación tradicional da Reconquista.

SALA II. Cómo éramos. Cómo nos viron

Na sala segunda evócase a pequena vila que se converte en cidade en 1810.

Sérvenos de guía **D. Nicolás Taboada y Leal** e a súa famosa *Descripción* de 1840. Tamén as representacións plásticas dos pintores que nos visitan como o inglés **Vivian** ou os españois **Pradilla** e **Martínez Abades**. Lembramos asimesmo a algúns dos literatos que se nos achegan durante o XIX como George Borrow ou Jules Verne.

O Cristo da Victoria e a Colexiata teñen especial protagonismo na sala. Da concatedral expóñense por vez primeira ao público os planos e debuxos do seu arquitecto Melchor de Prado y Mariño, propiedade do Museo da Cidade.

SECCIÓN II. Salón de Próceres

SALA III.

O salón central da exposición está dedicado á memoria dos personaxes senlleiros do XIX vigués.

Por vez primeira preséntase, completamente restaurada, a galería completa de retratos históricos do Museo. Entre outros D. José Elduayen, D. Ángel Urzáiz, D. José García Barbón, D. Tomás Alonso, D. Policarpo Sanz, a súa D^a Irene de Ceballos, ou D. Eduardo Iglesias, de quen ademais recupérase a súa placa de bronce, ubicada orixinalmente na rúa que leva o seu nome.

SECCIÓN III. 1860-1910

O NACEMENTO DUNHA CIDADE

SALA IV. A CAÍDA DAS MURALLAS

Planos e documentación orixinal axúdannos a comprender o *big-bang* urbano que Vigo experimenta á caída das súas murallas e que o levan a invadir os seus arrabaldes inmediatos do Areal ou Salgueiral; e mesmo o mar co primeiro recheo no que se instala a alameda.

Como recordo das desaparecidas murallas o museo presenta, por primeira vez ao público, o único cañón que procedente delas chegou ao museo: undos da batería de A Laxe.

O desenvolvemento das vías de comunicación terrestres e do porto de Vigo, esenciais para a industria e comercio da nova cidade, recollese mediante documentación e estampas ilustrativas.

A comunicación interna da cidade represéntase a traveso de dous elementos, cada un simbolizando mundos distintos: o do século XIX que se vai, mediante unha calesa propiedade dos pais

Xesuítas de Vigo, procedente da súa finca de Bellavista; o do XX que está a vir mediante o tranvía.

SALA V. MAR DE VIGO

O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Trátase de presentar nesta sala, dun xeito obrigadamente sumario, o extraordinario desenvolvemento económico que Vigo experimenta especialmente nas décadas finais do XIX e primeiras do XX.

En primeiro lugar a expansión da industria conserveira que visualízase mediante documentación e estampas, ademais de por algúns curiosos aparellos de tratamento e enlatado do peixe.

Tamén o gran desenvolvemento comercial que alcanza a cidade a través do seu porto que se converte para a emigración galega na porta das Américas. A este respecto os murais publicitarios das liñas transatlánticas, propiedade do Faro de Vigo, achéganos aquela experiencia histórica.

Finalmente as institucións mercantís e financeiras quedan representadas na Caixa de Aforros de Vigo coas súas primeiras máquinas de cálculo ou as balanzas para pesar empeños do seu Monte de Piedade.

SALAS VI e VII

ARTE E FILANTROPÍA

Parello ao desenvolvemento económico, moita veces oculto tras el, atopamos unha fecunda escena cultural en Vigo durante o XIX na que a actividade editorial leva o principal protagonismo.

Exemplo delo é a imprenta de Juan Compañel, na rúa Real, quen tivo o mérito de levar o prelo, por vez primeira, o “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro, o 17 de maio de 1863.

A profusión de xornais do XIX represéntaa loxicamente o único superviviente daquela época, Faro de Vigo; e os nosos literatos por Luís Taboada ou Teodosio Vesteiro.

A formación dos vigueses e viguesas foi obsesión dos vigueses que, feita fortuna en América, legaron á súa cidade natal grande parte do seu capital con este fin. A Escola de Artes e Oficios simboliza loxicamente este momento.

SALA VIII. Vigo tamén se divirte

A mostra pecha con breves apuntes do lecer dos vigueses e viguesas durante o XIX e comezos do XX.

Lémbrase aos teatros principais mediante planos e unha grande maqueta do Teatro García Barbón, xa de 1927.

Pola súa banda os moitos cafés e as súas tertulias simbolízanse no Derby do cal o museo rescata un interesante conxunto de pezas doadas xenerosamente pola familia do fundador, Albino Mallo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A exposición oferta un interesante programa de visitas guiadas, para público en xeral e escolares tanto á mostra como ao cemiterio municipal de Pereiró. En moitos dos seus mauleos pode apreciarse sen dúbida a magnificencia co que se despidiu o século en que naceu a cidade.

Para máis información e reservas pode contactarse co museo, servicio SAVES, nos teléfonos 986 29 50 70 e 986 29 50 75/correo electrónico: saves.museocastrelos@vigo.org, de martes a venres, de 11 a 14 horas.